


conta de libros

A poesía de Pura Vázquez

Xerais publica *A saudade e outros poemas*, título co que Victoria Sanjurjo presenta unha edición de dous libros fundamentais de Pura Vázquez: o que dá título a este e *O desacougo*; o primeiro publicado en 1963 e o segundo en 1971. Agora *O desacougo* varia a súa primeira versión posto que a poeta ourensán preparou unha nova edición modificada. A saudade e a visión idealizada que Pura Vázquez mantivo da Galiza, sobre todo desde lonxe, marcan a obra dunha escritora que, segundo Sanjurjo, engarza co intimismo máis romántico. Pura Vázquez, nascida en 1918 en Ourense, representa un dos excepcionais casos de mulleres que publicaron de maneira continuada na década dos trinta e dos corenta. ♦



Reflexión sobre ecoloxismo e cristiandade

O teólogo Victorino Pérez Prieto presenta o ensaio *Do teu verdor cinguido*, cuxo subtítulo *Ecoloxismo e cristianismo* apunta á reflexión sobre “as verdadeiras materiais da causa ecoloxista”. O libro, editado en Espiral Maior, achéganos á xénese dos problemas ecolóxicos e, nas verbas do prologoista Xosé Antón Miguelez Díaz, “oferece unha perspectiva política ou global para respeitar a multiplicidade das causas e das consecuencias que os comportamentos humanos e sociais teñen sobre o noso meio natural máis alá do anecdótico ou do individual”. ♦

